


ACTIVIDADES SELECTIVIDADE


1. Debuxa unha mitocondria vista ao microscopio electrónico, e ponlle nome aos seus compoñentes estruturais. Indica qué procesos metabólicos teñen lugar no seu interior e en qué parte da mitocondria se realizan. **Xuño 2010. Opción 2**
2. No interior celular pódense atopar os seguintes orgánulos: núcleo, ribosomas, aparato de Golgi, retículo endoplásmico liso, lisosomas, cloroplastos e mitocondrias. Indica a función principal de cada un dos orgánulos citados. Cales deles poderían estar presentes nas células procariotas? Cales deles conteñen ácidos nucleicos? **Setembro 2010. Opción A. Xuño 2013. Opción A**
3. Identifique o orgánulo que aparece representado na **Figura 1**. Realice un debuxo e sinale os seus compoñentes estruturais. Indique qué procesos metabólicos teñen lugar no seu interior e en qué parte do mesmo se realizan. **Setembro 2011. Opción A.**




4. Cite os orgánulos e estruturas que son exclusivas das células eucarióticas vexetais e comente as súas funcións máis importantes. **Xuño 2012. Opción A**
5. Realice un esquema dun cloroplasto observado ao microscopio electrónico, e sinale as súas compoñentes estruturais. Indique que procesos metabólicos teñen lugar no seu interior e en que parte do cloroplasto se realizan. **Setembro 2012. Opción B**
6. Identifique o orgánulo que aparece representado na **Figura 1**. Realice un debuxo e sinale 5 compoñentes estruturais. Indique qué procesos metabólicos teñen lugar no seu interior e en qué parte del se realizan. **Setembro 2013. Opción A**





7. Identifique o tipo de célula representada na **Figura 2**. Indique o nome e función das estruturas numeradas do 1 ao 7. **Setembro 2013. Opción B**




8. Cite tres orgánulos delimitados por unha dobre membrana e tres por membrana simple, sinalando en cada caso a súa función correspondente. **Xuño 2014. Opción B**
9. Explique brevemente que é un ribosoma indicando a súa composición, estrutura e función. En que lugares se atopan os ribosomas? Que é un polisoma? **Setembro 2014. Opción A**
10. Identifique a estrutura representada na **Figura 2** e indique a súa función biolóxica. Todas as células presentan esta estrutura? Razoe a resposta. **Setembro 2014. Opción B**



11. No interior celular pódense atopar os seguintes orgánulos: núcleo, ribosomas, aparato de Golgi, reticulo endoplásmico liso, lisosomas, cloroplastos e mitocondrias. Indique a función principal de cada un dos orgánulos citados. ¿Cales deles se corresponderían cos orgánulos presentes na **Figura 2**? **Xuño 2015. Opción B**




12. Identifique o tipo de célula representada na **Figura 1**. Indique o nome e función das estruturas numeradas do 1 ao 7. **Setembro 2015. Opción A**




13. Debuxe as estruturas dun cloroplasto e dunha mitocondria, sinalando 5 compoñentes en cada un deles. Describa brevemente cal é a función que desempeñan estes orgánulos no metabolismo celular. Poden atoparse ambos os dous orgánulos nunha mesma célula ou son incompatibles? Razoe a resposta. **Setembro 2016. Opción A**
14. Que microorganismo está relacionado coa orixe de cloroplastos e mitocondrias? Razoe a resposta, explicándoa brevemente. **Xuño 2019. Opción B.**
15. Cite oito orgánulos ou estruturas celulares que sexan comúns para as células animais e vexetais, indicando unha función para cada un deles. Nomee unha estrutura ou orgánulo específico dunha célula animal e outro dunha célula vexetal, sinalando as funcións que desempeñan. **Xullo 2019. Opción A**
16. a) Defina os seguintes procesos: pinocitose, fagocitose e exocitose. b) Defina nucleoplasma e nucléolo. c) Defina e indique unha función do cloroplasto. **Convocatoria ordinaria 2020**


17. A figura é un esquema dun orgánulo celular: a) De que orgánulo se trata? Que proceso estaría representado polo número 1? A que proceso fan referencia os números 2, 3, 4, 5 e 6? Con que composto, representado pola letra Y, comezaría o devandito proceso? E que composto representa a letra W? Que pasaría se non houbo suficiente composto W? b) Que representa o número 7? En que proceso interven? Que representa a letra X? Que composto se consegue ao final representado pola letra B? **Convocatoria ordinaria 2020**



18. Á vista da figura 3, conteste as seguintes cuestións: a) Que orgánulo está representado na figura 3? Indique dúas características da imaxe que lle permitan a súa identificación. Nomee as partes numeradas. En que tipo de células se atopa? b) Cal é a función do orgánulo representado? Da devandita función, indique que fase ten lugar na estrutura marcada co número 1 e que produtos se obteñen na mesma. Cales destes produtos se empregan na fase de asimilación do CO₂? Indique dúas semellanzas deste orgánulo coas bacterias. Que razón pode explicar estas semellanzas? **Convocatoria extraordinaria 2020**



19. a) Cite tres orgánulos celulares delimitados por unha dobre membrana e tres orgánulos rodeados por unha membrana simple, sinalando ademais para cada orgánulo unha función. b) A teoría endosimbionte explica a orixe de dous destes orgánulos celulares, cite cales son e que organismos serían os seus precursores. **Convocatoria ordinaria 2021**
20. Observe a figura 3 e responda: a) identifique os orgánulos e as estruturas sinaladas con números; b) explique a relación funcional que existe entre os orgánulos e as estruturas 1, 3, 7 e 8. **Convocatoria extraordinaria 2021**



21. Pregunta 4. A CÉLULA VIVA. MORFOLOXÍA, ESTRUCTURA E FISIOLOXÍA CELULAR

4.1 Nomee unha función que leve a cabo cada un dos seguintes orgánulos e estruturas celulares: nucléolo; retículo endoplasmático liso, membrana plasmática, peroxisoma, aparato de Golgi, retículo endoplasmático rugoso, lisosoma, centríolo, vacúolo.

4.2 Indique a composición e describa a estrutura da parede celular vexetal. **Convocatoria extraordinaria 2022**

22. A CÉLULA VIVA. MORFOLOXÍA, ESTRUCTURA E FISIOLOXÍA CELULAR

A microfotografía da figura 3 mostra un orgánulo celular: A) Cal é? B) En que células está presente e como se explica a súa aparición nestas células. C) Describa o orgánulo cos seus compoñentes. D) Cal é a súa función? **Convocatoria ordinaria 2023.**





Figura 3

23. A CÉLULA VIVA. MORFOLOXÍA, ESTRUCTURA E FISIOLOXÍA CELULAR

4.1. A) Identifique as estruturas celulares representadas con números na figura 3. B) En que procesos celulares participan coordinadamente os orgánulos representados? Explíqueo brevemente. 4.2. Explique cal é a relación entre a clatrina e os procesos de transporte a través da membrana das células. **Convocatoria extraordinaria 2023.**



PREGUNTA 5. A CÉLULA 5.1. A figura 6 representa un sistema de endomembranas dunha célula eucariota. A) Identifique os orgánulos sinalados coas letras A, B, C e D. B) Explique brevemente as funcións de cada un deles. 5.2. Explique a relación entre o valor da RNP (relación nucleoplasmática) e o estado de madurez dunha célula. 5.3. Cite 6 hábitos de vida saudables que axudan á prevención do cancro. ORDINARIA 2024




Figura 6

PREGUNTA 5. A CÉLULA A) Identifique as estruturas sinaladas con números (1-8) na figura 6. B) En que fase do ciclo celular podemos observar cada unha delas? C) Explique a relación entre os niveis de empaquetado do ADN e a expresión da información xenética. EXTRAORDINARIA 2024

